

# PROGRAMACIÓN LOOIFP

## Versión Alumnado

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015050	CIFP A Farixa	Ourense	2025/2026

### Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao			
Graos D: Ciclos formativos	D2ELE000200 - Instalacións de telecomunicacións	CM			
Módulo					
MP0238 - Instalacións domóticas (2º)					
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo		
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A		
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
6	192	60	192	100	

### Etiquetas

### Profesorado responsable

#### Docentes

Cid Alonso, Emma María

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	3
Procedemento de avaliación inicial.	10
Criterios de cualificación e recuperación	11
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	11
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	12
Programación da educación en valores.	12
Actividades complementarias e extraescolares.	12
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	13
Outros apartados.	13

## Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O R.D. 1632/2009, do 30 de outubro, establece o título de Técnico en Instalacións de Telecomunicacións e as súas correspondentes ensinanzas mínimas e correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer o currículo correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 178/2010, do 1 de outubro, establece o currículo do ciclo formativo de Grao Medio correspondente ao título de Técnico en instalacións de telecomunicacións competencias profesionais, persoais e sociais as que contribúe o módulo figuran.

Este profesional exerce a súa actividade en microempresas e en empresas pequenas e medianas, maioritariamente privadas, por conta propia ou allea, nas áreas de montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicación, instalacións de circuíto pechado de TV e seguridade electrónica, centrais telefónicas, redes de voz e datos, sonorización e megafonía, radiocomunicacións, sistemas domóticos e equipamentos informáticos.

As estruturas organizativas tenden a potenciar autonomía e capacidade de decisión.

As características do mercado de traballo, a mobilidade laboral e a apertura económica obrigan a formar profesionais polivalentes, capaces de adaptarse ás novas situacións socioeconómicas, laborais e organizativas do sector.

A adaptación ás directivas europeas e estatais sobre a xestión de residuos implicará a posta en marcha de procedementos que permitan o aproveitamento dos recursos en condicións de seguridade, calidade e respecto ambiental.

## Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Instalacións domóticas e áreas de utilización. Mantemento, PRL e PA.	Identificación de áreas e sistemas domóticos, análise do funcionamento características e normas de aplicación.	15	10
2	Sistemas domóticos centralizados con PLCs.	Identificación das conexións de sensores e actuadores e programación de PLCs.	35	40
3	Sistemas domóticos por correntes portadoras, sistemas domóticos baseados en asistentes virtuais e KNX.	Montaxe, deseño e configuración dunha instalación con novas tecnoloxías e KNX.	25	25
4	Sistemas domóticos baseados na electrónica. ARDUINO.	Montaxe, deseño, configuración e posta en marcha dunha instalación co sistema Arduino.	25	25

## Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Instalacións domóticas e áreas de utilización. Mantemento, PRL e PA.	10

### Cráterios de avaliación

**RA1 - Identifica áreas e sistemas automáticos que configuran as instalacións automatizadas en vivendas e edificios, e analiza o funcionamento, as características e as normas de aplicación.**

<b>Criterios de avaliación</b>
CA1.1 - Recoñecéronse os tipos de automatizacións domésticas.
CA1.2 - Recoñecéronse os principios de funcionamento das redes automáticas en vivendas e edificios.
CA1.3 - Recoñecéronse aplicacións automáticas nas áreas de control, confort, seguridade, enerxía e telecomunicacións.
CA1.4 - Describíronse as tecnoloxías aplicadas á automatización de vivendas.
CA1.5 - Describíronse as características dos condutores utilizados neste tipo de instalación.
CA1.6 - Identificáronse os equipamentos e os elementos que configuran a instalación automatizada, para o que se interpretou a documentación técnica.
CA1.7 - Consultouse a normativa relativa ás instalacións automatizadas en vivendas.
CA1.8 - Relacionáronse os elementos da instalación cos símbolos que aparecen nos esquemas.
<b>RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.</b>
CA7.1 - Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os útiles, as máquinas e os medios de transporte.
CA7.4 - Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.
CA7.5 - Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA7.6 - Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento das instalacións domóticas e as súas instalacións asociadas.
CA7.7 - Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC1 - Instalacións domóticas e áreas de utilización</b>
Sistemas domóticos aplicados ás vivendas e edificios.
Transdución das principais magnitudes físicas: temperatura, presión, velocidade, iluminación, etc.
Áreas de aplicación das instalacións en vivendas e edificios.
Áreas de confort, de xestión da enerxía, de control centralizado e distribuído, de xestión de alarmas e de xestión das telecomunicacións.

<b>Contidos</b>
Elementos fundamentais dunha instalación domótica: sensores, actuadores, dispositivos de control e elementos auxiliares.
Cálculos necesarios.
<b>BC3 - Montaxe de instalacións electrotécnicas automatizadas de vivendas e edificios</b>
Ferramentas e equipamentos.
<b>BC4 - Montaxe e configuración das áreas de control en vivendas e edificios</b>
Instalacións específicas e comúns de cables nas instalacións domóticas de vivendas e edificios.
Normativa e regulamentación.
<b>BC5 - Mantemento de instalacións electrotécnicas automatizadas de vivendas e edificios</b>
Medios e equipamentos de seguridade.
Prevención de accidentes.
Normativa de seguridade eléctrica.
<b>BC7 - Prevención de riscos laborais e protección ambiental</b>
Identificación de riscos.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.
Equipamentos de protección individual.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

UD	Título da UD	Duración
2	Sistemas domóticos centralizados con PLCs.	40

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA2 - Configura sistemas técnicos, xustifica a súa elección e reconece o seu funcionamento.</b>
CA2.1 - Describíronse os tipos de instalacións automatizadas en vivendas e edificios en función do sistema de control (centralizado, descentralizado e distribuído, etc.).
CA2.4 - Describíronse os protocolos das instalacións automatizadas.
CA2.6 - Describíronse os sistemas controlados por autómatas programables.
CA2.9 - Utilizouse o software de configuración adecuado a cada sistema.

<b>Criterios de avaliación</b>
CA2.10 - Utilizouse documentación técnica.
<b>RA3 - Monta pequenas instalacións automatizadas en vivendas e edificios, para o que selecciona os elementos que as conforman.</b>
CA3.1 - Realizáronse os esbozos e os esquemas necesarios para configurar as instalacións.
CA3.2 - Determináronse os parámetros dos elementos e dos equipamentos da instalación.
CA3.3 - Conectáronse os sensores e os actuadores para un sistema domótico con autómatas programables.
CA3.6 - Verificouse o seu correcto funcionamento.
CA3.7 - Respectáronse os criterios de calidade.
CA3.8 - Aplicouse a normativa.
<b>RA5 - Mantén instalacións domóticas, atendendo ás especificacións do sistema.</b>
CA5.1 - Axustáronse as áreas de xestión para que funcionen coordinadamente.
CA5.5 - Comprobase, en caso de mantemento correctivo, se a avaría coincide coa indicada no parte de avarías.
CA5.6 - Realizáronse as probas, as comprobacións e os axustes coa precisión necesaria para a posta en servizo da instalación, seguindo o especificado na documentación técnica.
CA5.7 - Elaborouse, de ser o caso, un informe de desconformidades relativas ao plan de calidade.
<b>RA6 - Diagnostica avarías e disfuncións en equipamentos e instalacións domóticas aplicando técnicas de medición, e relaciona as avarías coas súas causas.</b>
CA6.3 - Identificáronse os elementos susceptibles de mantemento.
CA6.5 - Realizáronse as medidas dos parámetros de funcionamento utilizando o software ou os instrumentos adecuados.
CA6.7 - Reparouse a avaría.
CA6.8 - Confeccionouse un informe de incidencias.
CA6.9 - Elaborouse no formato adecuado un informe das actividades desenvolvidas e dos resultados obtidos, que permita actualizar o histórico de avarías.
CA6.10 - Respectáronse os criterios de calidade.
<b>RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os</b>

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.</b>
CA7.2 - Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.
CA7.3 - Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA7.8 - Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA7.9 - Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC2 - Sistemas técnicos aplicados na automatización de vivendas e edificios.</b>
Sistemas de automatización con autómeta programable.
<b>BC3 - Montaxe de instalacións electrotécnicas automatizadas de vivendas e edificios</b>
Planos e esquemas eléctricos normalizados: tipoloxía.
Interpretación de esquemas eléctricos das instalacións domóticas.
Memoria técnica do deseño.
Normativa e regulamentación.
<b>BC4 - Montaxe e configuración das áreas de control en vivendas e edificios</b>
Coordinación entre sistemas.
Planificación das áreas de control domótico en vivendas e edificios. Documentación das instalacións domóticas.
<b>BC6 - Avarías nas instalacións electrotécnicas automatizadas de vivendas e edificios</b>
Avarías tipo nas instalacións automatizadas: síntomas e efectos.
Diagnóstico de avarías: probas, medidas, procedementos e elementos de seguridade.
Reparación de avarías en instalacións domóticas.
Reposición de mecanismos e receptores de sistemas domóticos.
Informes de incidencias nas instalacións domóticas.

UD	Título da UD	Duración
3	Sistemas domóticos por correntes portadoras, sistemas demóticos baseados en asistentes virtuais e KNX.	25

<b>Criterios de avaliación</b>	
<b>RA2 - Configura sistemas técnicos, xustifica a súa elección e recoñece o seu funcionamento.</b>	
CA2.5 - Describiuse o sistema de bus de campo.	
CA2.7 - Describíronse os sistemas por correntes portadoras.	
CA2.8 - Describíronse os sistemas sen fíos.	
<b>RA3 - Monta pequenas instalacións automatizadas en vivendas e edificios, para o que selecciona os elementos que as conforman.</b>	
CA3.4 - Realizouse a instalación de cables dun sistema por bus de campo.	
CA3.5 - Montáronse sensores e actuadores, elementos de control e supervisión dun sistema domótico por bus de campo, correntes portadoras e rede sen fíos.	
<b>RA4 - Monta as áreas de control dunha instalación domótica seguindo os procedementos establecidos.</b>	
CA4.1 - Consultáronse catálogos comerciais para seleccionar os materiais que se teña previsto instalar.	
CA4.2 - Utilizáronse as ferramentas e os equipamentos acaídos para cada sistema.	
CA4.3 - Elixíuse a opción que mellor cumpra as especificacións funcionais, técnicas e normativas, así como de obra da instalación.	
CA4.4 - Realizáronse os esbozos e os esquemas para configurar a solución proposta.	
CA4.5 - Tendéronse os cables conforme as características do sistema.	
CA4.6 - Programáronse os elementos de control de acordo coas especificacións dadas e o manual de fábrica.	
CA4.7 - Realizouse a posta en servizo da instalación.	
CA4.8 - Realizouse o orzamento correspondente á solución adoptada.	
CA4.9 - Respectáronse os criterios de calidade.	
<b>RA5 - Mantén instalacións domóticas, atendendo ás especificacións do sistema.</b>	

<b>Criterios de avaliación</b>
CA5.2 - Medíronse os parámetros eléctricos de distorsión na rede.
CA5.3 - Identificáronse os elementos susceptibles de mantemento.
CA5.4 - Comprobouse a compatibilidade do elemento substituído.
<b>RA6 - Diagnostica avarías e disfuncións en equipamentos e instalacións domóticas aplicando técnicas de medición, e relaciona as avarías coas súas causas.</b>
CA6.1 - Axustáronse as áreas de xestión para que funcionen coordinadamente.
CA6.2 - Medíronse os parámetros eléctricos de distorsión na rede.
CA6.6 - Localizouse a avaría utilizando un procedemento técnico de intervención.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC2 - Sistemas técnicos aplicados na automatización de vivendas e edificios.</b>
Sistemas con cables específicos bus de campo.
Sistemas por correntes portadoras.
Sistemas sen fíos.
<b>BC3 - Montaxe de instalacións electrotécnicas automatizadas de vivendas e edificios</b>
Emprazamento e montaxe dos elementos das instalacións domóticas en vivendas e edificios segundo a área de aplicación e nos edificios.
Preinstalación de sistemas automáticos: canalizacións, tubaxes, caixas, estrutura, etc.
Execución da montaxe: instalación de cables, conexión de dispositivos, instalación de dispositivos, e configuración de sensores e actuadores.
<b>BC4 - Montaxe e configuración das áreas de control en vivendas e edificios</b>
Programación e posta en servizos de áreas de control en vivendas e edificios.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Sistemas domóticos baseados na electrónica. ARDUINO.	25

<b>Criterios de avaliación</b>
--------------------------------

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA2 - Configura sistemas técnicos, xustifica a súa elección e recoñece o seu funcionamento.</b>
CA2.2 - Recoñecéronse as técnicas de transmisión.
CA2.3 - Identificouse a configuración dos sensores e dos actuadores.
<b>RA6 - Diagnostica avarías e disfuncións en equipamentos e instalacións domóticas aplicando técnicas de medición, e relaciona as avarías coas súas causas.</b>
CA6.4 - Propuxéronse hipótese razoadas das causas da disfunción e da súa repercusión na instalación.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC3 - Montaxe de instalacións electrotécnicas automatizadas de vivendas e edificios</b>
Programación e configuración de elementos.
<b>BC4 - Montaxe e configuración das áreas de control en vivendas e edificios</b>
Instalacións con distintas áreas de control.
<b>BC5 - Mantemento de instalacións electrotécnicas automatizadas de vivendas e edificios</b>
Instrumentos de medida específicos nos sistemas domóticos.
Axustes de elementos de control.
Mantemento correctivo e preventivo nas instalacións domóticas.
Mantemento de áreas en sistemas domóticos.
Mantemento de sistemas en instalacións domóticas.
Mantemento de mecanismos específicos dos sistemas domóticos.

### **Procedemento de avaliación inicial.**

Realízase a avaliación inicial o comezar o curso, de xeito anónimo e cubrirán un cuestionario. Tamén farase unha rolda de preguntas sobre os tipos de sistemas domóticos que coñecen e comprobar se teñen coñecemento ou utilizaron nalgún caso algunha tecnoloxía na súa vida cotiá.

## **Criterios de cualificación e recuperación**

### **Procedemento e criterios de cualificación:**

Para ser avaliados os alumnos deberán cumprir as condicións:

- Non ter perdido o dereito á avaliación continua.
- Colaborar de xeito activo no desenvolvemento das tarefas diarias propostas (montaxes domóticas ca súa táboa de observación).
- Ter rematado en prazo as tarefas correspondentes (se procede).

En cada UD, excepto na UD1 que avalíase por PE:

TO: Listaxe de cotexo "Actividades propostas" . . . . .50%

PE: Proba escrita "Exame" . . . . . 50%

Nota 1ª avaliación: UD1=30%, UD2=70%

Nota 2ª avaliación: UD3=50%, UD4=50%

NOTA FINAL = 0,15 UD1 + 0,35 UD2 + 0,25 UD3 + 0,25 UD4

### **Procedemento e criterios de recuperación**

En xuño e no período de recuperación, realizaránse as probas prácticas e escritas pendentes das UD non superadas. Os criterios serán os mesmos de cualificación durante o curso (apartado anterior).

## **Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

As actividades de recuperación realizaranse despois da avaliación, segundo os mesmos criterios de avaliación xa aplicados.

Faránse por cada unidade didáctica pendente, cos pesos xa definidos.

Entre a 3ª avaliación e a avaliación final deixarase un período, en xuño, destinado á realización de actividades de recuperación para o alumnado co módulo non superado.

Durante este período o alumno entregará as memorias de execución e/ou proxecto se non as tiveran superadas, e programaranse actividades que incluírán titorías para dúbidas e realización das probas de execución e probas escritas pendentes de superar.

## **Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua**

Neste caso, o proceso de avaliación realizarase antes do período de avaliación ordinaria do módulo, e consistirá nun conxunto de probas que determinarán se o alumno ten un nivel axeitado para alcanzar os obxectivos e contidos refrectidos nesta programación. A tales efectos, o alumno/a deberá de superar as probas que o profesor do módulo determine para alcanzar ditos contidos. O igual que nas probas correspondentes a avaliación continua, estas, terán un carácter teórico e práctico.

A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulo do curso.

O alumno que acade un número de faltas de asistencia sen xustificar do 10% da duración total do módulo perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre, tendo que realizar unha proba extraordinaria durante o período reservado para actividades de recuperación no mes de xuño e que constará de dúas partes:

Examen teórico-práctico sobre contidos mínimos, desenrollado en 2 sesións (mañá e tarde, ou 2 días de mañá). Na 1ª sesión realizará unha proba práctica de montaxes domóticas e na 2ª a proba escrita teórica.

Teórica: 50% do peso total.

Práctica: 50% do peso total.

1ª Parte: proba teórica, versará sobre os contidos de cada UD. Trataráse cuestións, cálculos, problemas e esquemas que evidencien a adquisición dos RA do currículo.

2ª Parte: proba práctica, 2 montaxes das feitas durante o curso.

### **Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.**

Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores. Para o alumnado que, trala avaliación inicial se detecte necesidade de reforzo educativo, adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación...) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

Alumnado con necesidades educativas especiais: aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario, por resultaren estas insuficientes ou por informes previos que así o aconsellen.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Aplicaranse protocolos Xunta.

### **Programación da educación en valores.**

Dende un punto de vista socio-educativo, los valores son considerados referentes, pautas ou abstraccións que orientan o comportamento humano cara á transformación social e a realización da persoa. Son guías que dan determinada orientación á conduta e a vida de cada individuo e de cada grupo social.

Os valores son algo dinámico, ligado ao desenvolvemento da personalidade, que están influídos polo interiorizado a través dos procesos de socialización. Adoitan estruturarse de forma xerárquica, a partir de xuízos ou preferencias e tamén de forma dinámica e flexible.

#### **OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN EN VALORES**

- a) Contribuír a desenvolver nos alumnos e alumnas aquelas capacidades que se consideran necesarias para desenvolverse como cidadáns con plenos dereitos e deberes na sociedade en que viven.
- b) Posibilitar que os alumnos e a alumnas cheguen a entender estes problemas e elaboren un xuízo crítico respecto a eles, sendo capaces de adoptar actitudes e comportamentos baseados en valores racionais e libremente asumidos.
- c) Dotar os alumnos e alumnas dos coñecementos necesarios para entender a realidade e poder actuar sobre ela, educándoos en certas actitudes, persoalmente interiorizadas, coas que adoptar posicións positivas de participación activa e responsable respecto aos problemas sociais.
- d) Conxugar a dimensión científica ou do coñecemento coa dimensión ética e de valor, asegurando a formación integral e harmónica das alumnas e alumnos.
- e) Favorecer a igualdade entre homes e mulleres, así como a integración de alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas.
- f) Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.

### **Actividades complementarias e extraescolares.**

O alumnado dos ciclos formativos participará con carácter xeral nas actividades que se contemplan na programación xeral anual do centro e nas específicas que o Departamento de Electrónica programe

encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu ámbito e a procurar a formación integral do alumnado.

Deste xeito tentarase que o alumnado realizando visitas a sistemas automatizados, materiais eléctricos e electrónicos, procesos de fabricación, montaxes etc. poida aproveitar para adquirir coñecementos que redunden na consecución dos obxectivos do currículo.

## **Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

O caderno de aula do docente recolle a planificación diaria das actividades a desenrolar.

O equipo docente do grupo terá unha reunións nas que informárase das modificacións, se procede, das programación, perda de avaliación e outros aspectos salientables do grupo.

Nas reunións do departamento, tamén informárase do seguimento da programación en caso de modificacións e das necesidades de materiais para o taller.

O centro parará unhas enquisas de opinión no mes de febreiro, para cubrir os alumnos na aula co titor (anónimas e online).

O seguimento realízase na plataforma virtual de xestión de programacións da Consellería de Educación, permitindo valorar o grao de cumprimento da programación e a súa mellora co obxectivo de adaptala á realidade da aula.

O seguimento incluírá as datas de comezo e fin das unidades didácticas, a diferenza entre sesións previstas e realizadas, propostas de mellora de cara a vindeiros cursos e o seu grao de cumprimento, xustificando as desviacións que se produzan. Como proposta de mellora do curso anterior: Realizar proba escrita antes das prácticas para que non distanciar no tempo as explicacións teóricas e a proba escrita.

É habitual na maioría que non repasen semanalmente e preguntas dúbidas.

Para a mellora do proceso de aprendizaxe empregaranse ferramentas tecnolóxicas de informática e comunicación, para a implementación destas ferramentas incorporáranse actividades baseadas no autoaprendizaxe e o traballo autónomo, donde o alumno utilizará, Aula Virtual, aplicacións informáticas e o entorno internet.

## **Outros apartados.**

### **1. Acceso a programación**

A programación do módulo estará exposta na Aula virtual, coma o resto da información do módulo (recursos teóricos, actividades,...)

Farase unha presentación dela no aula na primeira sesión (presentación do módulo) por si xurden dúbidas.